

**Dna. MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RÍO, Secretaria do Concello de Ponte Caldelas, provincia de Pontevedra.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data **26 de maio de 2017**, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**10.1 Aprobación modificación bases excursión Comarca do Barbanza.**

Dáse lectura da seguinte:

**PROPOSTA DE ALCALDIA**

**MODIFICACIÓN AMPLIACIÓN DE 10 PRAZAS NA EXCURSIÓN Á COMARCA DO BARBANZA.**

Dada conta da notable demanda da realización da excursión á Comarca do Barbanza e tendo en conta que o número total de prazas dispoñibles nos autobuses é de 160 (unha vez confirmada a disposición destas por parte da empresa de transportes.

Proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

**Primeiro.**- modificar o Artigo 3 das normas quedando redactado da seguinte maneira:

**ARTIGO 3.- MEMORIA ECONÓMICO FINANCEIRA.**

Memoria económico financeira relativa ós gastos a asumir pola realización da actividade:

a) Custo do desprazamento en autobús (160 prazas): 1.155 € (iva engadido).

b) Custo do xantar: 1.920 € (iva engadido)

O custo total da actividade ascende a 3.195,00 € (iva engadido).

Ingresos participantes: 1.920€ (12 € por persoa).

c) Custo do seguro: 120,00 € (0,75 € por persoa)

d) Grado de cobertura financeira por parte do Concello de Ponte Caldelas: 39,90%

**Segundo.**- modificar o artigo 5 de Normas de Procedemento para os Interesados/as modificando que nos lugares onde di 150 debe dicir 160.

**Terceiro.**- dar traslado da modificación á empresa encargada da organización ós efectos oportunos.

Visto o expediente arriba reseñado e en virtude do Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015:

**A Xunta de Goberno Local ACORDA A SÚA APROBACIÓN por UNANIMIDADE dos Concelleiros/as asistentes.**

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación coa salvedade do disposto no artigo 206 do RD 2568/1986, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Vº e Pr.

**O Alcalde,**

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

**A Secretaria,**

Asdo.: María Beatriz Del Cerro Del Río.